

Unha suxestiva amplitude de rexistros¹

Anxo González

Hai libros que son un acerto pleno desde o propio título e, en notable parte, precisamente polo título. Hai á súa vez títulos que, polo que expresamente din e o que deixan entender, valen xa de seu case por un libro. As dúas cousas se dan en *As sombras do Barroco*, de Xesús Rábade.

E é que estas *sombras* das que Rábade se ocupa son mito a un tempo; son longas e pluridimensionais sombras; confírenlle densidade de sentido ó título, e fan ademais que a novela se abra a unha suxestiva amplitude de rexistros.

As sombras do Barroco son, polo de pronto, as consecuentes á rebordante dinámica das formas que se dan en ondulacións, retorceduras e relevos; sobre elas confórmanse os *claroscuros* de Ribera e a *perspectiva tébrega* de Tintoretto, que tanto subxugan a Diego de Velázquez, segundo se nos fai ver no libro, e nas que o propio Velázquez se introduce cando, por exemplo, fai o rostro do Papa Panphili nacendo, sanguíñento, *dun fondo invadido polas tebras*. Sobre todas estas sombras gústalle a Rábade estenderse, coa ensaística querencia do fino crítico da arte.

Pero atravesan tamén o libro de Rábade as *sombras*, a un tempo esterilizantes e fecundadoras, entre as que a nosa xente se dá, *posta como está sempre en atmósfera esvaída e horizonte de brétema*, non percibindo, logo, como lles pasa ós prisioneiros da caverna platónica, cousa que non sexan *figuracións de sombras e presenza acenante de espíritos e medos*.

Está, por outra banda, a *sombra devastadora e negra* da superstición, tentando apagar o luminoso horizonte da ciencia; é a sombra da crenza obnubiladora, escurantista e oclusiva, sementada, claro, en evidente conivencia co *Maligno*, polos terroríficos poderes do *Santo Oficio*, dos que decote serán vítima, tanto as nosas visionantes, inxenuas e doadamente credoras xentes, coma as grandes figuras da investigación científica. O eco dos soados procesos contra o saber racional, e o das forzadas renunciadas dos seus representantes, déixanse notar na Galicia que Rábade presenta.

E está, por último, e constitúe o eixo vertebrador da novela, a sombra *metafísica*, a sombra do non ser; é a sombra que asombra a Expósito Maseda, o protagonista. É

1. Xesús Rábade Paredes, *As sombras do Barroco*, Galaxia: Vigo, 1994.

unha *negra sombra* esta, exactamente como a de Rosalía, nacida tamén, igual có de Maseda, dun *amor sacrílego*; unha innominable, ignota, inefable e irregistrable forma de nacer. Esta sombra é, logo, a sombra de non contar, a de non saber quen se é, a sombra de, propiamente, *non ser*. Trátase, no fondo, da sombra inherente ó *pecado de nacer* que tamén anguriaba a Segismundo, en Calderón, e facía del un atormentado camiñante na procura de si mesmo. É, en fin, a sombra a través da cal máis doadamente se fai presente a nada, sempre aí, conformante e ameazadora. Desde os alicerces da cultura occidental, o non ser foi sempre (de novo, a caverna platónica) expresado como *sombra*. Signada con *este malfado*, a vida de Expósito Maseda non poderá ser outra cousa: *malquerencias, inimigos, grandísimos quebrantos* e a inquisitorial persecución, tras de programarse contra el a perversa especie de ser *enxendo de Satán* e levar, así, *o Malo dentro*.

Por esta metafísica sombra asombrado, Expósito Maseda non chegaría a erguerse no ámbito do ser como persoa se non fose porque sobre el actúa benefactoramente o contrapunto *luminoso* de Branca, o personaxe que, desde a primeira parte da triloxía de Rábade (*Branca de Loboso*)², aínda procesada como bruxa (sen dúbida por causa da súa sorprendente riqueza), irradia *luz*, irradia ser, ó mundo que na obra se nos fai presente.

Branca, en efecto, que xa no nome é o contrapunto dialéctico da sombra, é nos ó cabo desvelada e aparece, así, como *luminosidade*, como *deslumbrante, luminosidade resplandecente*, envolta *nunha luz en labarada*, e *atmósfera*, en fin, *de claros resplandores...* Ata tal punto resulta fóra do común, que o bispo Gea Escolano cre preciso falar de cousa do mesmo Deus, que *Deus é a luz*, segundo o evanxalista. A cousa será ou non do Deus do evanxalista, pero, en todo caso, sen dúbida que é realización e feitura do deus platónico, que, sendo un deus-Ben, un deus-Ser, é, precisamente, un deus-*Luz, Sol*, dinos Platón, *do mundo intelixible*, de quen a realidade enteira emana, e se transborda, logo, máis alá do non ser, alén da sombra. O abeiro amoroso e participante, mesmo agustinianamente *iluminador*, de Branca de Loboso, logra en longa dialéctica existencial superar o seu malfado e emerxer, facerse presente e influínte na sociedade do seu tempo, o protagonista Expósito Maseda.

Entre as sombras do Barroco e o seu luminoso contrapunto dialéctico, discorre tamén pola obra de Rábade un amplo e complexo mundo de cousas: aconteceres históricos, enfocados (moitos deles por primeira vez) desde óptica plenamente galega e pintados coa fidelidade e a devoción do Rábade historiador; disquisicións naturalísticas varias; análises estéticas; unha precisa investigación arqueourbanística sobre o Santiago da época; precisións científico-tecnolóxicas, etc. Hai na novela unha ben explícita vontade predicativa, en relación con dimensións culturais varias, que acentúan nela o destacado carácter ensaístico.

E como, ó propio tempo, *baixo os ámbitos sombrizos e gracias á acción das sombras*, florece en plenitude *a virulencia carnal*, a realidade galega do XVII que Rábade nos presenta aparece tamén estrada de ingredientes eróticos de moi varia e diversa natureza. Con respecto a esta antropolóxica dimensión, coas súas

grandiosidades e as súas miserias, o libro é tamén un rico documento. Nel desprégase o amplo abano das formas e modalidades do sexo que, en rápido reconto, pode dicirse que van, desde o *sexo satánico*, de execución directa, ou por *íncubos e súcubos*, aínda dentro de mosteiros e clausuras, ata o *sexo espiritual*, mesmo extático, dun Velázquez, poño por caso, coa turbadora figura en que se lle encarna Branca de Loboso, pasando polo *sexo vil*, dominador e asoballante de cregos e señores poderosos, o sexo tamén como *inocente desafogo fruicioso*, inutilmente condenado e perseguido por xerarcas e inquisidores, o *sexo sobreviviente* que, desde fóra, fai de súpeto presa en xentes inocentes ou incautas, que nun repente se volven sedentas e inaplacablemente ardorosas, o *sexo orxiástico* e o *solitario*, o *sexo de vexetal inducción* (desde o misterioso e cobizado *Phalus impudicus*, á *herba dos ensalmos*), o *sexo*, en fin, *cosmolóxico*, que pode incluso contribuír eficazmente a facer de Compostela, nesta nosa fisterra, un irresistible polo de telúrica atracción para xentes do mundo enteiro, etc., etc.

Non se pode, por último, deixar de constatar, gozosamente, que a novela de Rábade está inserida de pleno na nosa mellor tradición narrativa. Domina nela, por poñer un significativo exemplo, o sentido esplendorosamente visual das formas, tan cunqueiriano. A pregnancia óptica destas formas pode determinar, en Rábade como no mestre de Mondoñedo, que a figura descenda, nun momento dado, do plano da plasticidade que a fai cadro ou lámina, e asuma corporeidade vivente no mundo da convencional realidade. Iso é o que pasa coa luminosa imaxe de Branca de Loboso, e pasa aínda, segundo o autor confesa, coa figura de Velázquez, *recén saído do seu lenzo*, cruz de Santiago incluída, que a Rábade se lle fai presente como tanxible realidade, alá *polas tardiñas baixas*, precisamente: a hora das melancolías creativas de Cunqueiro; a hora igualmente das grandes sombras.

E é que tamén para o Velázquez de Xesús Rábade, como para o propio Rábade, rexe o *ollar activo*, proxectador, isto é, a percepción creante, que, sendo tan de Cunqueiro, é igualmente cervantina e, máis alá aínda, era xa *louvable loucura* en Erasmo, que podía curar dos excesos dunha racionalidade extremadamente empírica, como a que segue, por certo, a operar no noso recalitrante positivismo.

Anxo González
E.U. do Profesorado
Universidade de Santiago de Compostela